

nós tamén creamos! 7ª edición

Dinamizando a lingua coa animación *stop motion*

<http://www.lingua.gal/nos-tamen-creamos>



PROGRAMA DE ANIMACIÓN AUDIOVISUA

Nós tamén creamos! é un programa de dinamización lingüística que desenvolve a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa coa colaboración da Corporación de Radio e Televisión de Galicia e de OQO editora. No marco do Plan Proxecta e destinado ao alumnado de infantil e primaria, inclúe un curso de formación e un concurso de curtas.

Mediante a elaboración de curtas de animación en galego que adaptan narracións literarias coa técnica stop motion, perséguese favorecer a innovación educativa para promover xeitos cada vez máis efectivos de aprendizaxe da lingua; conseguir unha relación positiva dos rapaces e rapazas co idioma propio de Galicia, ao relacionalo co audiovisual e coas TIC; abrir unha nova oportunidade para que se acheguen á lectura en galego; fomentar a creatividade en lingua galega e difundir as posibilidades de ocio en galego que ofrece a CRTVG.

Prazo de inscrición: ata o 16 de outubro de 2017

Máis información: <http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>